



1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Pontevedra. Municipio: Bueu. Parroquias: Santa María de Cela a maior parte, San Martiño de Fóra de Bueu ao oeste, e Santiago de Ermelo no sur. Extensión: 5,98 km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Costa baixa sedimentaria caracterizada pola presenza dun amplo complexo areoso formado polas praias de Agrelo e Porto Maior que se unen no saínte rochoso denominado Cabezón da Ría. O cordón dunar alcanza o seu máximo desenvolvemento continental no punto de ancoraxe das dúas praias. Cara ao interior esténdese unha estreita chaira costeira xusto detrás dos areais, onde desaugan o Río da Pena e o Barranco do Inferno, principais arterias fluviais da unidade. A partir de aí o val presenta unha pendente moderada ata alcanzar a cabeceira nos somonte do Monte Paralaya a uns 400 m sobre o nivel do mar.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

O granitoides de afinidade calcoalcalina conforman a litoloxía da unidade, predominando a grandiorita con megacristais feldespáticos. Destacan as rochas filonianas da punta Cabezón da Ría, identificadas como diques de cuarzo, ademais dalgunhas áreas de rochas metamórficas asociadas ao Complexo de Cabo Home-A Lanzada e repartidas puntualmente pola unidade. Na costa noroeste recoñécense sedimentos areosos de praia, orixinarios do Cuaternario.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Réxime ombrotérmico Cálido e Húmido: temperatura media anual por riba de 14°C, oscilación térmica media entre 12,5°C e 13,5°C e precipitacións medias que alcanzan valores entre 1200 mm e 1400 mm ao longo do ano. Nos montes de Outeiro da Carballosa e da Paralaya rexístranse maiores precipitacións, entre 1400 mm e 1800 mm, polo que se inclúen no domini climático Cálido e Moi Húmido.

OS SOLOS

Case a totalidade da liña de costa é complexo sedimentario no que se desenvolven arenosoles álbicos. Pola súa parte, a vertente está formada por cambisoles eútricos e dístrico-úmbricos, polo menos ata media ladeira xa que a parte superior presenta solos menos evolucionados nos que apenas se diferencian dous horizontes, identificándose umbrisoles e regosoles na área montañosa dos montes da Telleira, Outeiro da Carballosa e Paralaya.


AS AUGAS

A unidade presenta unha conca hidrográfica ben irrigada, que verte ao mar entre a Punta Salgueiro, en Monte Gordo, e Punta Petís; nas Augas Costeiras da costa meridional da Ría de Pontevedra (20165). Os cursos fluviais máis importantes desembocan na praia de Agrelo. Trátase do río da Pena e o Barranco do Inferno; este último escava un profundo canal na súa cabeceira ao que debe o seu nome. Ademais destes leitos fluviais, existen outros menores que ben verten directamente ao mar, ben son tributarios dos anteriores.

O PATRIMONIO NATURAL

Unidade sedimentaria co complexo areoso formado polas praias de Porto Maior, Agrelo e Loureiro. Nel aparecen chans areosos intermareales, libres de auga cando baixa a marea, é dicir, o hábitat 1140. Ademais, o sector acantilado oriental presenta acantilados mariños atlánticos (hábitat 1230). No interior destacan, desde os puntos de vista paisaxístico e ecolóxico, as masas mixtas/puras de frondosas. Estas poden ser de tres tipos e adquiren patróns de localización diferentes en función deles. O primeiro, o de masas de orixe principal ripícola (91E0), en valgadas de pequenos regatos, destacando o Rego da Pena e, especialmente, o Barranco do Inferno e valgada da Praia de Loureiro. Segundo, as derivadas de antigos soutos (9260) e carballeiras (9230), visibles na parte alta das ladeiras antes do monte alto, como en Xexide e A Cabreira. Por último, as de recolonización, a partir de peches vexetados do parcelario, mesturadas coas anteriores e por toda a unidade excepto as cimas e ladeiras altas.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

A fachada litoral desta unidade posúe un gran atractivo turístico, debido ás espectaculares praias que a conforman: Agrelo, Portomaioir ye Loureiro. A estreita chaira costeira situada tras as devanditas praias e o val de suaves pendentes formado polo Río da Pena e o Barranco do Inferno, está ocupada na súa gran maioría por asentamentos poboacionais rodeados de terras de cultivo, viñedos, bosques de ribeira e algunha mancha de bosque autóctono. As zonas altas dos montes que pechan a unidade están dedicadas a usos forestais. Destacar, finalmente, que nas augas que bañan a súa costa localízanse multitude de bateas dedicadas ao cultivo do mexillón.

MORFOLOXÍA

Existen un gran número de núcleos tradicionais no ámbito da unidade. Están dispersos por todo o territorio formando pequenos asentamentos, aínda que na actualidade o seu crecemento xerou un continuo sobre o territorio. Estes núcleos e a súa periferia localízanse nas zonas medias altas do val. Na fachada costeira, ao noroeste da unidade, localízase unha extensión do núcleo urbano de Bueu, apoiada na estrada PO-551. A ambas as marxes desta vía, sobre todo na chaira costeira, xurdiron numerosas construcións espontáneas de carácter residencial.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A vía de maior tráfico e importancia é a PO-551, cruza a unidade paralela á fachada litoral articulando o resto da rede viaria. A partir desta, cara ao interior sae a EP-1304, artellando os principais núcleos tradicionais. Sobre estes eixes primarios apóiase toda unha complexa rede de estadas locais que intercomunican os diferentes núcleos de poboación da unidade e dan acceso ás praias existentes na súa costa.

PATRIMONIO HISTÓRICO

O elemento máis representativo do patrimonio arquitectónico relixioso é a Igrexa de Santa Maria de Cela, acompañada da súa casa reitoral, ambas as dúas situadas no núcleo de Igraxario. Pola súa parte, a arquitectura civil, tamén ten unha abundante presenza neste lugar como testemuñan os elementos de gran valor etnográfico como un conxunto de muíños localizados ao redor do Río da Pena.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Historicamente esta paisaxe está vinculada ao núcleo urbano de Bueu, debido ao porto pesqueiro existente neste núcleo. Este imprimeo á unidade un marcado carácter mariñeiro- pesqueiro. Os asentamentos interiores seguen mantendo un carácter agrario, con moitas das súas parcelas dedicadas ao cultivo da vide, mentres que na chaira costeira, a construción de numerosas edificacións deu lugar a un espazo complexo e denso vinculado aos usos turísticos. Esta intensa ocupación modificou a trama tradicional do territorio.

DINÁMICA DA PAISAXE

A evolución desta unidade reflíctese sobre todo na súa fachada costeira coa aparición de novos asentamentos poboacionais vinculados, ben ao núcleo preto de Bueu, ben a construcións dispersas de carácter residencial. Todo este leva aparelado unha redución das terras de cultivo en favor de dous novos usos; por unha parte, o silvícola centrado no monocultivo do eucalipto nas zonas máis elevadas e afastadas dos núcleos e por outra, un uso residencial impulsado polo auge da costa como destino turístico.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

A pesar do incremento de edificacións na liña de costa, a unidade aínda mantén o seu carácter tradicional. O interior conserva masas de antigos bosques de carballos e castaños, sobre todo nas partes altas das ladeiras, elementos dun alto valor paisaxístico e ecolóxico. Ademais, a presenza do río da Pena e o regato Barranco do Inferno contribúen á naturalidade da paisaxe a través das especies ripícolas das súas marxes, que se erixen en corredores ecolóxicos entre as manchas boscosas presentes na matriz biofísica da unidade. Un bo punto de observación é o miradoiro do Alto de Telleira.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS





A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Non se contemplan ámbitos de recualificación nesta unidade.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros


Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



